

LUIS ANTONIO GOMEZ PIÑA, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DA CAÑIZA (PONTEVEDRA)

VISTO QUE, a conciliación da vida familiar e persoal segue a ser unha das grandes materias pendentes na sociedade actual e a súa falta segue a ser un dos grandes atrancos do desenvolvemento feminino en Galicia, toda vez que, na nosa sociedade, o peso das responsabilidades familiares segue a recaer maioritariamente nas mulleres.

Esta situación vólvese aínda máis complicada nos períodos non lectivos, nos que rapaces e rapazas non acoden á escola e , polo tanto , xorde o problema de facer aínda máis difícil compatibilizar o seu coidado cunha actividade profesional.

É o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, establecendo as condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política , económica , cultural e social.

O coidado dos menores de idade, especialmente, ata os doce anos, constitúe un dos problemas aos que debe enfrontarse a sociedade, especialmente durante os períodos non lectivos, e corresponde aos concellos facilitar, na medida das súas posibilidades, fórmulas que permitan a nais e pais continuar coas súas responsabilidades.

Analizando a realidade do concello, xorde a necesidade de facilitar ás familias un espazo e un tempo lúdico-educativo para as cativas e cativos durante o mes de xullo , que é o que supón a maior dificultade para as familias na Cañiza.

Por todo isto, a Concello da Cañiza vén promocionando dende hai xa máis de nove anos un campamento urbano que se desenvolve durante o dito mes de xullo nas nosas instalacións municipais: pavillón e piscina de verán onde asemade se desenvolve a educación integral dos máis novos e das máis novas do concello , co convencemento de que na formación e na mellora da preparación e das competencias das persoas está a base para acadar unha sociedade máis desenvolvida , máis xusta e máis equilibrada na que non teña cabida a discriminación por razón de sexo e nenas e nenos gocen das mesmas oportunidades e dereitos.

Dada conta, polo tanto, da necesidade de proceder á contratación dunha empresa que se encargue do desenvolvemento, coordinación e realización do devandito campamento urbano e que debe cumprir o establecido nas correspondentes prescricións técnicas-Bases.

Estimando axeitada e procedente esta necesidade, por entender que a materialización da mesma redundaría nunha mellora da prestación dos servizos por parte desta administración.

A vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía de acordo coas competencias que lle veñen atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985, Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e en cumprimento do artigo 28 da referida LCSP

RESOLVO

Aprobar as correspondentes Prescricións Técnicas, que deseguido se detallan:



Campamento urbano verán 2025

BASES

1. OBXECTO

É obxecto desta convocatoria o fomento da práctica de actividades físicas, deportivas e recreativas no medio natural e a ocupación do tempo libre e de lecer.

A **conciliación** da vida familiar, laboral e persoal segue a ser unha das grandes **materias pendentes** na sociedade actual e a súa falta segue a ser un dos grandes **atracos do desenvolvemento feminino en Galicia**, toda vez que, na nosa sociedade, o peso das responsabilidades familiares segue a recaer maioritariamente nas mulleres.

O coidado de cativos e cativas, persoas maiores e dependentes segue a condicionar a capacidade de independencia económica e social das mulleres, converténdose nun auténtico impedimento para acadar a igualdade de oportunidades e dereitos entre mulleres e homes.

Esta situación vólvese aínda máis complicada nos **períodos non lectivos**, nos que rapaces e rapazas non acoden á escola e, polo tanto, xorde o problema de facer **aínda máis difícil compatibilizar** o seu coidado cunha actividade profesional.

É o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, para a prevención e erradicación da violencia de xénero, e para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social. O coidado dos menores de idade, especialmente, ata os doce anos, constitúe un dos problemas aos que debe enfrontarse a sociedade, especialmente durante os períodos non lectivos, e corresponde aos concellos facilitar, na medida das súas posibilidades e coa axuda da Administración Autonómica, fórmulas que permitan a nais e pais continuar coas súas responsabilidades.

Por todo isto, o Concello da Cañiza, pon en marcha o presente programa de actividades educativas “Eu quero ser”

A fin derradeira deste programa de actividades ten dúas vertentes principais:



1. Facilitar a tan necesaria **conciliación**.
2. Traballar pola **construción** efectiva dunha **sociedade máis igualitaria** na práctica.

Así, as actividades que se desenvolverán durante o mes de xullo de 2025 van **máis aló de ser unicamente un programa de lecer, son un programa de educación para a igualdade**, tendo esta perspectiva como material transversal de todas as actividades.

No marco do devandito proxecto e para a consecución dos fins que se veñen mencionando, levaranse a cabo unha serie de actividades nas que se fomenta a igualdade real a través da colaboración entre nenas e nenos en diferentes accións, e así evitar, a través da prevención, todo tipo de discriminación por razón de xénero, ensinando e potenciando unha sociedade máis igualitaria.

O Concello da Cañiza vén promocionando dende hai máis de catro anos a formación integral dos máis novos e das máis novas do concello, co convencemento de que na formación e na mellora da preparación e das competencias das persoas está a base para acadar unha sociedade máis desenvolvida, máis xusta e máis equilibrada na que non teña cabida a discriminación por razón de sexo e **nenas e nenos gocen das mesmas oportunidades e dereitos**.

Esta aposta da corporación pola formación está formulada baixo o prisma de que a educación en igualdade debe ser a base dunha formación integral das persoas.

Por esta razón, procúrase ofrecer á cidadanía da Cañiza unha fórmula de **conciliación da vida familiar, persoal e laboral** que non esqueza a ferramenta máis potente que está a nosa disposición, a educación.

Analizando a realidade do concello, xorde a necesidade de facilitar ás familias un espazo e un tempo lúdico-educativo para as cativas e cativos durante o mes de **xullo**, que é o que supón a maior dificultade para as familias na Cañiza.



2. TEMPORALIDADE

O campamento está estruturado en dúas quincenas:

- 1ª Quincena : do 1 ao 15 de xullo de 2025
- 2ª Quincena : do 16 ao 31 de xullo de 2025

3. PREZO

3.1. O Prezo de cada quincena é de 55 € (solicitude individual)

3.2. O Prezo de cada quincena é de 97,78 € (solicitude dobre-2 nenos-as inscritos no campamento)

3.3. O Prezo de cada quincena é de 110 € (solicitude tripla-3 ou máis nenos-as inscritos no campamento)

3.4. Unha vez confirmada a praza (publicarase na biblioteca unha listaxe coas nenas-os admitidos o luns, 23 de xuño), o pagamento efectuarase na conta do concello da Cañiza en ABANCA nº: IBAN:ES05 2080 5415 01 3110100045, poñendo como concepto “Campamento urbano 2025” e o nome da nena/o inscrito.

4. PARTICIPANTES

1. Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas as nenas e nenos nadas/os no ano sinalado para cada actividade:

- Grupo I: de 3 a 5 anos (é condición indispensable que os nenos/as de 3 anos teñan cursado o 1º ano de Educación Infantil, é dicir, 4º de Educación Infantil).
- Grupo II: de 6 a 9 anos
- Grupo III: de 10 a 12 anos

4.2. A adxudicación das prazas será por rigorosa orde de inscrición, tendo preferencia as familias onde os dous proxenitores estean traballando durante o mes de xullo que así o soliciten, no momento de realizar a solicitude e presenten a documentación correspondente.

4.3. O número total de prazas é de 120 nenas/os, ofertando polo tanto un total de 60 prazas por quincena. Así mesmo, haberá se é necesario, unha lista de agarda. No caso de que ese número (120 prazas) non se chegue a cubrir, procederase á adxudicación das prazas sobrantes a nenos/as non empadroados no concello da Cañiza.

4.4. No caso de que cos nenos-as non empadroados aínda non se cubrisen as 120 prazas e quedasen prazas vacantes nalgunha das dúas quendas, ofertaranse para aqueles nenos-as que queiran facer as dúas quendas, sempre e cando o sinalasen na solicitude, riscando na casíña correspondente e presentasen a documentación correspondente. Estas prazas vacantes e as mencionadas no punto 4.2. destas bases, adxudicaranse seguindo a orde de puntuación obtida pola aplicación do baremo da situación socio-familiar e socio –laboral que se reflite a continuación:



BAREMO

1º- Situación socio-Familiar

1. Familia Monoparental-----20 puntos
2. Familia Numerosa-----5 puntos

2º- Situación Laboral-Familiar

2.1. Situación laboral de ocupación:

- Nai-----20 puntos
- Pai-----20 puntos
- Titor/a-----20 puntos

No caso de empate prevalecerá a orde de presentación de solicitudes.

4.5. Os participantes disporán de actividades de carácter sociocultural, recreativo, deportivo e convivencial.

4.6. O transporte ata as instalacións será por conta das nais e pais

5. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes e a documentación requirida para participar nesta convocatoria deberán axustarse ao modelo normalizado que se pode recoller na Biblioteca Pública Municipal da Cañiza e presentarse cuberto na mesma biblioteca, sita en Rúa Progreso nº 21.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN

6.1. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende o 11 ao 21 de xuño de 2025 para os nenos/as empadroados, e **se fose necesario, por non cubrirse as prazas**, do 25 ao 28 de xuño para os non empadroados.

6.2. **Unha vez confirmada a praza** (publicarase na biblioteca municipal unha listaxe coas nenas-os admitidos, o luns 23 de xuño), **as/os aspirantes seleccionados** deberán presentar do 23 ao 28 de xuño, a seguinte documentación:

- Xustificación do pagamento.
- Volante de empadroamento (só no caso de que non se permita a súa consulta por parte da administración)
- Declaración xurada de saber nadar de ser o caso (se non se presenta entenderase quen o neno/a non sabe nadar).
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.

6.3. As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fóra do prazo establecido ou por renunciar á praza obtida, ofreceranse a partir do día seguinte do peche de inscricións aos solicitantes que figuran na lista de agarda, concedéndolles a estes, un prazo de 5 días para proceder ao pagamento.



7. DEVOLUCION DE COTAS

Se unha vez obtida a praza e aboadado o prezo correspondente, a actividade non chegara a producirse por causa non imputable ao interesado, procederase á devolución da cota aboada .

8. HORARIO

De luns a venres de 08.00 h (Recepción de participantes) a 15.00 h (Recollida de participantes).

9. LUGAR

A recepción e recollida de participantes realizarase no Pavillón Municipal- Rúa Carballo do Marco s/n, A Cañiza.

10. EQUIPAMENTO

- Gorra e roupa cómoda/deportiva e de fácil lavado.
- Equipamento para a piscina: gorro, chanclas, bañador, toalla.
- Botelliña de auga co nome escrito.
- Pequeno almorzo para media mañá.
- Botar na casa crema solar.

A Cañiza, 02 de xuño de 2025



DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
D/D ^a :			Teléfono:
DNI:		Enderezo:	
C.P.:		Localidade:	Provincia:
Correo electrónico:			

DATOS DA/S NENA/S OU NENO/S		
Nome	Data de nacemento	
Municipio de empadramento		
Quenda que solicita	1 ^a QUINCENA	2 ^a QUINCENA

AUTORIZO Á CONSULTA DOS DATOS DO PADRÓN MUNICIPAL DAS
PERSOAS

INTERESADAS

☐

SI

☐

NON

(*en caso afirmativo non
sería preciso presentar o
xustificante
deempadramento)



SÓ CUBRIR NO CASO DE SOLICITAR AS DÚAS QUENDAS

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR	
Familia monoparental	☐
Familia numerosa	☐

SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR				
Situación laboral de ocupación				
Nai	Pai	Titor	Titora	
☐	☐	☐	☐	
☐	☐			
Situación de busca activa de emprego				
Nai	Pai	Titor	Titora	
☐	☐	☐	☐	
☐		☐		

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR:

- ☐ Certificado de familia monoparental.
- ☐ Fotocopia tarxeta demandante de emprego.
- ☐ Fotocopia libro de familia.
- ☐ Certificado/Xustificante de empresa con data do presente mes.

A CAÑIZA, ___ de xuño de 2025

ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DA CAÑIZA



ANEXO I

CAMPAMENTO URBANO 2025

***AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA:**

DATOS DO NENO/A:

Nome e apelidos: _____

IDADE: _____ DATA NACEMENTO: _____

DATOS DO PAI, NAI OU TITOR/A LEGAL:

Nome e apelidos NAI _____

Nome e apelidos PAI _____

Nome e apelidos TITOR _____

TELÉFONOS DE CONTACTO:

TFNO1 _____ TFNO2 _____

TFNO3 _____ TFNO4 _____

Ten irmáns no campamento: NON ☐ SI ☐

Pode abandonar soa/só as instalacións: NON ☐ SI ☐

Autorización Recollida:

Persoa autorizada: _____ Teléfono _____

Persoa autorizada: _____ Teléfono _____

Persoa autorizada: _____ Teléfono _____

Persoa autorizada: _____ Teléfono _____

Persoa autorizada: _____ Teléfono _____

A Cañiza, _____ de xuño de 2025

Asdo.: _____



ANEXO II

CAMPAMENTO URBANO 2025

***FICHA MÉDICO-SANITARIO**

TARXETA SANITARIA CIP: _____

NASI: _____

(Seguros privados/extranxeiros)

☐ SOFRE ALGÚN PROCESO **ALÉRXICO**? (en caso de ser afirmativo, deberán presentar certificado médico xustificativo)

☐ Padece **algunha enfermidade** que precise un coidado especial?

☐ Padece algunha enfermidade infecto contaxiosa en fase activa? NON ☐ SI ☐

☐ Presenta algún tipo de **Limitación**? Física, Psíquica, Sensorial outra cal?

☐ Indicar cal é a **necesidade especial** que lle ocasiona e as axudas técnicas ou apoios que precisa para o desenvolvemento das actividades da vida diaria.

☐ Require tratamento farmacolóxico? NON ☐ SI ☐

En caso afirmativo, indicar claramente cal é, así como a súa administración (pode acompañar documento e parte se fora preciso).

☐ Outras observación que os/as pais, nais ou titores/as consideren oportuno realizar.

AVISAR A:

Don/Dona _____

Teléfono _____ Parentesco _____

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos sinalados son certos.

A Cañiza _____ de xuño de 2025

Asdo.: _____



ANEXO III

CAMPAMENTO URBANO 2025

***DECLARACIÓN DE QUE SABE NADAR**

Don/Dona _____

Con DNI núm. _____ como pai/nai ou titor/a legal do/a
nen/a _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que o meu fillo/a SABE NADAR: **NON** ☐ **SI** ☐

A Cañiza, _____ de xuño de 2025

Asdo.: _____

ANEXO IV

CAMPAMENTO URBANO 2025

***AUTORIZACIÓN FOTOGRÁFICA** ☐ **AUTORIZO** ☐ **NON AUTORIZO**

á dirección do campamento urbano da Cañiza a fotografar ou filmar o meu fillo/a durante o desenvolvemento das actividades, co obxecto de incorporar as devanditas imaxes na memoria do Campamento 2025, así como para a publicación destas na web, revistas e medios de comunicación do Concello da Cañiza ou da organización (Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais)

A Cañiza, _____ de xuño de 2025

Asdo.: _____



*Documento asinado electronicamente por **LUIS ANTONIO GÓMEZ PIÑA**, Alcalde do Concello da Cañiza, dando fe do mesmo, **MARIO LÓPEZ ANTUÑA** Secretario do Concello.*

